



PEL-Pemes Mantemento 2025

Subvencións ao mantemento do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas

Quen pode solicitar esta subvención?

Pequenas, medianas empresas, microempresas e persoas autónomas **beneficiarias da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2024**, que realizaron a **contratación indefinida** inicialmente ou a transformaron a indefinida con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2025

Que orzamento total dispón?

Un crédito inicial dispoñible de **1.200.000 €**

Cal é a contía?

Ata un máximo de 11.000 euros no caso de contrato indefinido a xornada completa dun colectivo vulnerable (inscrito como desempleado de longa duración nos Servizos Públicos de Emprego, muller, menor de 30 anos, maior de 45 anos ou persoa con diversidade funcional)

Ata un máximo de 10.000 euros no caso de contrato indefinido a xornada completa sen colectivo vulnerable

Que se subvenciona?

O mantemento do posto de traballo indefinido creado na convocatoria anterior de Pemes Creación 2024

Ata o 50% dos custes salariais, de seguridade social e outros gastos sociais da contratación laboral dunha persoa traballadora a xornada completa ou parcial durante 12 meses (de xaneiro a decembro de 2025)

Como se conceden?

Por concorrencia competitiva: valóranse e ordénanse as solicitudes segundo os criterios de valoración establecidos nas bases reguladoras destas subvencións e concédense ata o esgotamento o crédito.

Cando recibirás o pago?

Una vez realizados os gastos e presentada a xustificación na plataforma SUBTeL.

Prazos que debes ter en conta:

Solicitudes:


do 17 de febreiro (9:00 h) ao 17 de marzo (14:00 h).

Período subvencionable:

do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2025

Xustificación de gastos:

ata o 28 de febreiro de 2026



Máis información: pel.gal 981.08 05 09 pel@dacoruna.gal

Bases reguladoras destas axudas

https://bop.dacoruna.gal/boportal/publicado/2025/02/11/2025_0000000897.pdf

Solicita a axuda en: sede.dacoruna.gal/subtel/

